

do», suplemento número 9 en lingua galega, do 2 de setembro de 2002, procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 1075, a figura 8, onde di: «<f_{ct,k}>» e «<0,6.f_{ck}>», debe dicir: «<f_{ct,j}>» e «<0,6.f_{cj}>», respectivamente.

Na páxina 1078, no número 13.3, terceiro parágrafo, onde di: «... recubrimento mínimo da táboa 13.3 serán incrementados...», debe dicir: «... recubrimento mínimo serán incrementados...».

Na páxina 1085, no número 15.2.2, primeiro parágrafo, onde di: «... 7m²...» e «... 12m²...», debe dicir: «... 7m...» e «... 12m...», respectivamente.

Na páxina 1086, no pé da táboa 15.2.2, onde di: «... combinación infrecuente...», debe dicir: «... combinación pouco frecuente...».

Na páxina 1089, na figura, onde di: «Figura 17.a...», debe dicir: «Figura 17...».

Na páxina 1104, no número 1.2, onde di: «... nos números 6.3.5 e 6.3.7», debe dicir: «... nos números 14.6.1 e 14.6.2».

Na páxina 1105, na figura A.3.1, onde di: «bordo de carga» e «centro de carga», debe dicir: «carga de bordo» e «carga de centro», respectivamente.

Na páxina 1110, no anexo 4, derradeiro parágrafo, onde di: «... no número 14.2.2 a)...» e «... segundo 14.2.2 b)...», debe dicir: «... no número 14.2.2.1 a)...» e «... segundo 14.2.2.1 b)...», respectivamente.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

23340 REAL DECRETO 1201/2002, do 20 de novembro, polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas. («BOE» 287, do 30-11-2002.)

A obtención polos agricultores de produtos agrícolas de calidade e saudables para o consumidor, mediante o emprego de prácticas de cultivo que respecten o ambiente, debe ser un obxectivo prioritario da agricultura moderna.

A utilización de métodos que, tendo en conta as esixencias da sociedade, a rendibilidade do cultivo e a protección do ambiente, diminúan o uso de produtos químicos e permitan obter producións agrícolas de alta calidade, é unha esixencia na modernización da agricultura. Estes obxectivos poden alcanzarse mediante as técnicas de manexo integrado.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante as ordes do 26 de xullo de 1983 e do 17 de novembro de 1989, e as diferentes comunidades autónomas promoveron a aplicación de técnicas de cultivo que se aproximan á loita integrada mediante a creación de agrupacións para tratamentos integrados en agricultura e outros tipos de agrupacións de agricultores. A loita contra pragas nestas agrupacións ó empregar prioritariamente métodos respectuosos co ambiente, reducindo o uso de produtos químicos, permitiu adquirirla experiencia necesaria e establece-las bases para a elaboración das normas de produción que se prevén neste real decreto.

As producións agrícolas obtidas con estas técnicas aliñanse cos principios xerais da produción integrada, xa que a súa aplicación implica un maior respecto ó equilibrio dos ecosistemas, reduce contaminacións inne-

cesarias no aire, na auga e no solo, e permite que os produtos agrícolas teñan a menor cantidade posible de residuos químicos indeseables.

Por conseguinte, existe a necesidade de diferenciar os produtos agrícolas obtidos mediante sistemas de produción integrada, de garanti-las súas características e de informalo consumidor sobre elas, debido ó seu valor engadido nos mercados, o que aconsella regula-lo uso dos distintivos —etiquetas ou marcas de garantía— nos produtos así obtidos.

Así mesmo, cómpre regula-lo emprego de identificacións de garantía nos produtos agrícolas transformados obtidos baixo condicións de produción integrada, cumprindo para iso determinados requisitos.

Nesta norma, sen prexuízo doutras disposicións que se é o caso regulen a produción, elaboración, comercialización, etiquetaxe e control dos produtos vexetais, establécense os requisitos xerais que deben cumprilos operadores que queiran acollerse a este tipo de produción e facer uso do distintivo de garantía, e as regras xerais válidas para as explotacións agrícolas correspondentes.

Neste real decreto régulase especificamente a identificación de garantía nacional de produción integrada, sen prexuízo das identificacións de garantía que poidan establecer as comunidades autónomas ou as entidades privadas.

Nestas condicións xerais tivéronse en conta os principios e directrices técnicas da Organización Internacional de Loita Biolóxica.

Para o establecemento e desenvolvemento deste tipo de producións recoñécense as agrupacións de produción integrada en agricultura como instrumento para o impulso da produción integrada.

En consecuencia, é necesario crea-las bases para regula-la produción integrada e a diferenciación dos seus produtos no ámbito nacional ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; así como regula-la identificación de garantía nacional de produción integrada.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ó ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de novembro de 2002,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto:

a) O establecemento das normas de produción e requisitos xerais que deben cumprilos operadores que se acollan ós sistemas de produción integrada.

c

b) A regulación do uso das identificacións de garantía que diferencien estes produtos ante o consumidor.

c) O recoñecemento das agrupacións de produción integrada en agricultura para o fomento da dita produción.

d) A creación da Comisión Nacional de Producción Integrada encargada do asesoramento e coordinación en materia de produción integrada.

2. O previsto nesta disposición será de aplicación ós produtos vexetais e ós seus transformados.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste real decreto, entenderase por:

a) Producción integrada: os sistemas agrícolas de obtención de vexetais que utilizan ó máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais e aseguran a longo prazo unha agricultura sustentable, introducindo nela métodos biolóxicos e químicos de control, e outras técnicas que compatibilicen as esixencias da sociedade, a protección do ambiente e a produtividade agrícola, así como as operacións realizadas para a manipulación, envasado, transformación e etiquetaxe de produtos vexetais acollidos ó sistema.

b) Comercialización: a venda ou subministración por un operador a outro operador, incluíndo a posta á disposición, o almacenamento, a exposición para a venda ou a oferta de venda de produtos vexetais.

c) Operador: toda persoa física ou xurídica que obtéña, manipule, elabore, envase, etiquete, almacene ou comercialice produtos vexetais nas condicións establecidas nesta disposición.

d) Autoridade competente: o órgano designado pola comunidade autónoma para a aplicación e desenvolvemento, dentro do seu ámbito territorial, do establecido nesta disposición ou, se é o caso, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

e) Entidades de certificación: son aquelas entidades acreditadas pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para realiza-las funcións de control e certificación, á que deberá estar sometida a produción para que os produtos obtidos poidan ser distinguidos cunha identificación de garantía de produción integrada, de acordo co previsto no capítulo III deste real decreto ou, se é o caso, aquelas acreditadas por calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo Multilateral de Recoñecemento da «European Cooperation for Accreditation» (EA).

f) Etiquetaxe: tódalas mencións, indicacións, identificacións de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que figuren en envases, documentos, letreiros, etiquetas, aneis ou colares que acompañan ou se refiran a produtos recollidos neste real decreto.

g) Agrupación de produción integrada en agricultura: aquela agrupación de operadores constituída baixo calquera fórmula xurídica ou integrada noutra agrupación previamente constituída e recoñecida pola autoridade competente, co obxectivo de obter produtos vexetais baixo requisitos de produción integrada para ser comercializados.

h) Servicios técnicos competentes: persoas físicas ou xurídicas que prestan servizos técnicos de asistencia en produción integrada e que contan, polo menos, cun titulado universitario de grao medio ou superior que no plan de estudos da súa especialidade académica teña incluída a produción agraria ou que poida acreditar coñecementos desta por cursos específicos de posgrao.

CAPÍTULO II

Sistemas de produción integrada

Artigo 3. *Normas de produción e comercialización.*

1. O sistema de produción integrada regulado neste real decreto implica que na produción e comercialización dos produtos mencionados no punto 2 do artigo 1 deberán cumprirse os requisitos establecidos nas normas xerais de produción integrada do anexo I e, se é o caso, as normas xerais de produción integrada para industrias de transformación do anexo II; así como nas normas técnicas específicas que para cada cultivo ou grupo de cultivos se establezan regulamentariamente.

2. As distintas fases do proceso de produción e comercialización poderán ser realizadas por operadores distintos.

Os distintos operadores poderán formalizar acordos entre si para a realización dalgunha das fases do proceso, facendo constar expresamente nos acordos o sometemento das partes ó sistema de control previsto neste real decreto.

Artigo 4. *Inscrición e rexistro dos operadores.*

1. Os operadores deberán comunica-la súa actividade como produción integrada ás autoridades competentes onde radiquen as superficies de produción e as súas instalacións, para seren inscritos nos correspondentes rexistros.

2. Para a inscrición no rexistro, os operadores deberán acreditar ante a autoridade competente, mediante unha auditoría previa dos órganos ou entidades de certificación, que están en condicións de producir ou comercializar de acordo cos sistemas de produción integrada regulados por este real decreto e presentar, polo menos, a seguinte documentación:

a) No caso de que sexa un operador que se dedique só á obtención de produtos vexetais, unha memoria descritiva da explotación agrícola e das súas instalacións e, se é o caso, os centros de manipulación, que conterá, como mínimo, as superficies e localización das parcelas, almacéns e demais instalacións da explotación, antecedentes culturais das parcelas, estimación do volume das producións por parcelas segundo cultivos e a distribución mensual de superficies por cultivo ou grupo de cultivos afíns.

b) Nos restantes casos de operadores, unha memoria descritiva das súas instalacións, que conterá, como mínimo, as superficies e localización das instalacións, estimación do volume dos produtos a comercializar, sistema específico de manipulación, elaboración e envasado dos produtos, marcas comerciais e canles a través das que se comercializa a produción amparada coa identificación de garantía.

3. A autoridade competente poderá anula-la inscrición no rexistro a que se refire este artigo, cando se comprobe que o operador incumpriu as normas establecidas neste real decreto en relación coa súa actividade, sen prexuízo das sancións que procedan.

Artigo 5. *Obrigas dos operadores.*

Os operadores estarán obrigados a:

a) Permitir e colaborar nos controis que, de acordo co previsto neste real decreto, se realicen sobre as explotacións ou a actividade que desenvolvan.

b) Dispor dos servizos técnicos competentes, responsables de dirixir e controla-lo cumprimento das nor-

mas de produción integrada aplicables no exercicio da actividade de que se trate. Non obstante, os operadores que acrediten a súa cualificación en produción integrada, poderán dirixir directamente a súa actividade conforme as normas de produción integrada.

c) Fomenta-la formación nesta materia do persoal ó seu cargo que desenvolva tarefas de produción integrada.

d) Cumpra-las normas de produción integrada e posuía un caderno de explotación onde se anoten tódalas operacións e prácticas de cultivo, en caso de operadores que se dediquen só á obtención de produtos vexetais, ou un rexistro das partidas onde poida comprobarse a orixe, uso e destino destas, no caso dos restantes operadores.

e) Obte-la totalidade da produción da variedade do produto vexetal polo sistema de produción integrada en unidades de cultivo claramente separadas doutras que non estean sometidas ás normas deste real decreto.

f) Almacenar, manipular, se é o caso, transformar e comercializar por separado, no espazo ou no tempo, segundo o caso, as producións obtidas baixo as correspondentes normas de produción integrada doutras obtidas por métodos diferentes.

g) Adopta-las medidas adecuadas para asegurar que durante tódalas fases de produción e comercialización non poida haber substitución dos produtos da produción integrada por outros.

h) Identifica-lo produto de acordo con normas de produción integrada nas fases de produción e comercialización en que interveñan.

i) Facer bo uso da identificación de garantía de produción integrada.

j) Notificar anualmente ó órgano ou entidade de certificación, e con anterioridade á data que se determine, o seu programa de produción, detallándoo por parcelas; así como, periodicamente, os volumes producidos e comercializados.

k) Adoptar medidas correctoras que resolvan irregularidades detectadas polos órganos ou entidades de control na produción ou comercialización.

Artigo 6. *Control da produción integrada.*

1. O control aplicable ós operadores no exercicio da súa actividade para verifica-lo cumprimento das normas sobre produción integrada do artigo 3, deberá realizarse de maneira que se garanta que estes operadores cumpren, polo menos, as medidas establecidas no anexo III deste real decreto, así como os plans de control e protocolos para a supervisión e realización dos controis que se establezan.

2. Os órganos ou entidades que realicen os controis deberán, polo menos:

a) Garanti-la obxectividade e imparcialidade, así como a eficacia dos controis.

b) Garda-lo debido coidado respecto ás informacións e datos que obteñan no exercicio das súas actividades de control.

c) Velar pola correcta concesión de uso das identificacións de garantía ós operadores.

d) Esixir ós operadores a retirada das indicacións de garantía a todo lote cando se constaten irregularidades significativas e establece-las medidas correctoras necesarias.

e) Informar periodicamente a autoridade competente da relación de operadores sometidos ó seu control e dos volumes producidos e comercializados por cada un deles, sen prexuízo da actualización inmediata da dita relación se se producen variacións.

f) Informar, se é o caso, a autoridade competente correspondente das irregularidades comprobadas e das

medidas correctoras adoptadas, así como das reclamacións que se producen.

3. Estes controis deberán efectuarse, como mínimo, unha vez ó ano e neles realizarase un control físico das explotacións e instalacións. Estes controis poderán realizarse sen previo aviso.

4. No exercicio deste control, os órganos ou entidades competentes para o efecto poderán:

a) Acceder ás parcelas, locais ou instalacións, así como ós documentos a que se refire a alínea d) do artigo 5.

b) Tomar mostras e supervisa-lo exercicio da actividade.

c) Adopta-las medidas provisionais cando detecten irregularidades na produción ou comercialización dos produtos.

5. Cando as fases do proceso de produción as realicen operadores diferentes ou cando teñan lugar en comunidades autónomas distintas, os produtos vexetais a que se refire esta disposición só poderán transportarse logo de comunicación do operador que expide a mercadoría ós órganos ou entidades que participen no control nas distintas fases do proceso de produción, realizándose en envases ou recipientes diferenciados mediante un sistema de transporte cun pechamento que impida a substitución do seu contido e irán acompañados dun documento, que identifique ó órgano ou a entidade de control a que está sometido o operador, no que figuren indicacións que permitan ó operador receptor e ó seu órgano ou entidade de control determinar de forma inequívoca a persoa responsable da produción e o produto vexetal.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de que o órgano ou entidade de control sexa o mesmo en dúas fases consecutivas do proceso productivo.

Artigo 7. *Identificacións de garantía.*

1. Os produtos que fosen elaborados segundo as normas de produción integrada establecidas neste real decreto poderán ser distinguidos cunha identificación de garantía que consistirá, polo menos, na expresión «produción integrada».

2. A utilización da identificación de garantía será concedida polo órgano ou entidade designado para o efecto nas normas que regulen esta identificación.

3. Na etiquetaxe, ademais da identificación de garantía, constará, polo menos, o nome ou o código do órgano ou entidade que realizase o control, así como o número de rexistro do dito operador ou a súa denominación.

4. Non poderá ser utilizada a expresión «produción integrada», logotipo ou denominacións, identificacións, expresións e signos que, pola súa semellanza coa identificación de garantía referida anteriormente, poidan inducir a confusión, aínda que vaian acompañados de expresións como «tipo» e outras análogas, distintas ás establecidas de acordo co previsto nos capítulos III e IV deste real decreto.

5. Para os efectos desta norma considerárase que un produto leva indicacións referentes ó sistema de produción integrada cando pola etiquetaxe, a publicidade ou os documentos comerciais, o produto se identifique por esas indicacións ou suxiran ó comprador que este produto foi obtido de acordo coas normas de produción e comercialización establecidas no artigo 3.

Artigo 8. *Fomento da produción integrada.*

1. Para o fomento da produción integrada poderán recoñecerse agrupacións de produción integrada en agricultura.

c

2. O recoñecemento das agrupacións de produción integrada en agricultura corresponde á autoridade competente onde radique o domicilio social da agrupación.

3. Para o seu recoñecemento será requisito imprescindible que dispoñan dos servizos técnicos competentes e que nos seus estatutos figure a condición expresa de que os operadores deberán cumprir as instrucións técnicas que estes servizos poidan establecer de acordo coa normativa vixente. Estas instrucións, salvo xustificación expresa, deberán ser únicas para tódolos asociados.

4. Con obxecto de alcanzar unha maior harmonización na aplicación das normas de produción integrada, estas agrupacións poderán agruparse en unións baixo calquera fórmula xurídica. O recoñecemento das unións corresponderá á autoridade competente onde radique a sede social da unión.

5. Para os efectos desta disposición, cada agrupación de produción integrada en agricultura terá a consideración dun único operador.

6. As agrupacións de produción integrada en agricultura e as súas unións poderán recibir as axudas que se establezan regulamentariamente.

CAPÍTULO III

Identificación de garantía nacional

Artigo 9. Identificación de garantía nacional de produción integrada.

1. A identificación de garantía nacional de produción integrada consistirá na expresión «producción integrada» e o logotipo que para o efecto estableza o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A identificación de garantía de carácter nacional poderá ser empregada naqueles produtos que cumpran as seguintes condicións:

a) Que fosen producidos con suxeición ás condicións establecidas no capítulo II e no anexo I, no anexo II, se é o caso, e no anexo III deste real decreto.

b) Que o respecto ás ditas condicións fose controlado en tódalas fases de produción por unha ou varias entidades de certificación das previstas no artigo 10.

3. O uso da identificación de garantía nacional será concedida pola entidade de certificación á que corresponda controla-la fase de etiquetaxe.

4. As entidades de certificación comunicarán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación todas aquelas concesións que realicen para a utilización da identificación de garantía nacional de produción integrada.

Artigo 10. Entidades de certificación.

1. Para poder realiza-los controis previstos no artigo 9.2.b), as entidades de certificación deberán estar acreditadas pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) ou calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo Multilateral de Recoñecemento da «European Cooperation for Accreditation» (EA). Será necesario para tal acreditación cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Cumprir cos criterios xerais contidos nas normas europeas referidas ós organismos de certificación e control que realizan certificacións de produtos, especialmente as normas EN 45.011 e EN 45.004, respectivamente.

b) Presenta-lo programa de control da entidade, que deberá conter unha descrición pormenorizada das medi-

das de control e das medidas precautorias que a entidade se compromete a impor ós operadores suxeitos ó seu control. Este programa axustarase ós criterios homoxéneos que se establezan regulamentariamente por proposta da Comisión Nacional de Producción Integrada.

c) Acreditar que dispón dos recursos adecuados, de persoal cualificado e infraestructuras administrativas e técnicas, así como, se é o caso, a experiencia en materia de control e a fiabilidade.

d) Presenta-los procedementos que a entidade de certificación propón cumprir en caso de irregularidades ou infraccións, reclamacións dos operadores, e información á autoridade competente cando se produza algún dos supostos anteriores.

2. O operador poderá elixir a entidade de certificación que se vaia encargar de controla-las súas actividades de produción integrada, de entre aquelas que fosen acreditadas. Serán por conta do operador os gastos ocasionados polo control das súas actividades.

3. No desenvolvemento dos controis, as entidades de certificación axustaranse ó disposto no artigo 6 e no anexo III deste real decreto.

4. As entidades de certificación deberán comunica-lo inicio da súa actividade ás autoridades competentes das comunidades autónomas nas que vaian operar.

5. Poderanse formalizar acordos entre as entidades de certificación e entidades de control acreditadas por ENAC ou calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo Multilateral de Recoñecemento da «European Cooperation for Accreditation» (EA), respecto á norma EN 45.004, para a realización da totalidade ou parte dos controis establecidos.

CAPÍTULO IV

Outras identificacións de garantía

Artigo 11. Identificacións de garantía das comunidades autónomas.

1. As comunidades autónomas poderán establecer, no exercicio das súas propias competencias, identificacións de garantía de produción integrada, sempre que se garanta o respecto do disposto no capítulo II deste real decreto e, en concreto, se esixa o cumprimento de, polo menos, os requisitos establecidos no anexo I, no anexo II, se é o caso, e no anexo III deste real decreto.

2. As comunidades autónomas que establezan unha identificación de garantía de produción integrada propia deberán comunicarllo ó Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación.

Artigo 12. Identificacións de garantía privadas.

1. As entidades ou organizacións privadas e as súas asociacións poderán establece-las súas propias identificacións de garantía de produción integrada, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que os requisitos, procedementos e protocolos esixibles para o uso da súa identificación de garantía cumpran polo menos o establecido no capítulo II deste real decreto e, en concreto, o esixido no anexo I, anexo II, se é o caso, e anexo III.

b) Que o cumprimento dos ditos requisitos, procedementos e protocolos fose controlado en tódalas fases de produción por unha ou varias entidades de certificación das previstas no artigo 10.

c) Que cumpran o previsto nos puntos 3 e 4 do artigo 9.

2. Previamente á utilización das identificacións de garantía de carácter privado, os requisitos, procedemen-

tos e protocolos esixibles para a súa utilización deberán ser remitidos para a súa aprobación, á autoridade competente da comunidade autónoma na que radique a súa sede social, co informe previo da Comisión Nacional de Producción Integrada.

3. As comunidades autónomas comunicarán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as identificacións de garantía de produción integrada privadas das que o sistema fose obxecto de aprobación de acordo co establecido no punto 2 deste artigo.

CAPÍTULO V

Órganos e mecanismos de coordinación

Artigo 13. *Comisión Nacional de Producción Integrada.*

1. Créase a Comisión Nacional de Producción Integrada, como órgano colexiado adscrito ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Agricultura, para o asesoramento e coordinación en materia de produción integrada.

2. A Comisión Nacional de Producción Integrada terá a seguinte composición:

- a) Presidente: o director xeral de Agricultura.
- b) Vicepresidente primeiro: o director xeral de Desenvolvemento Rural.
- c) Vicepresidente segundo: o subdirector xeral de Sanidade Vexetal.
- d) Vocais:

1.º Un representante de cada unha das comunidades autónomas que decidan participar nela.

2.º Tres funcionarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dos cales dous serán designados pola Secretaría Xeral de Agricultura e un pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

3.º Un representante da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, designado polo seu presidente.

4.º Un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias máis representativas de ámbito nacional e da Confederación de Cooperativas Agrarias de España.

5.º Seis representantes de organizacións de produción integrada de maior representación entre os agricultores ou de sectores productivos agrícolas nas que a produción integrada teña maior implantación, designados pola Secretaría Xeral de Agricultura.

e) Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da Subdirección Xeral de Sanidade Vexetal designado polo presidente.

3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o presidente será substituído polo vicepresidente primeiro e este, pola súa vez, polo vicepresidente segundo.

4. O presidente poderá convocar un representante da organización ou organizacións máis representativas doutros sectores productivos. Este representante participará na comisión con voz e voto.

5. Cando o presidente ou a comisión o estimen oportuno, poderá solicitarse, en relación cun asunto determinado, o asesoramento de persoas alleas a ela con recoñecida cualificación científica ou técnica, así como a colaboración de entidades, asociacións ou agrupacións os intereses das cales puideran verse afectados. Así mesmo, poderán crearse grupos de traballo de expertos na fitosanidade de determinados cultivos agrícolas para colaborar no desenvolvemento das funcións da comisión.

Artigo 14. *Funcións da comisión.*

1. A Comisión Nacional de Producción Integrada terá as seguintes funcións:

a) Elaborar e propor directrices, protocolos ou, se é o caso, normas técnicas específicas de produción integrada para harmonizala súa aplicación, en especial as relativas ós criterios que hai que considerar para o cumprimento dos obxectivos perseguidos e ós requisitos mínimos que deben cumprir.

b) Informar sobre as normas que se vaian establecer sobre produción integrada, en especial sobre a adecuación ás normas xerais do anexo I e, se é o caso, do anexo II deste real decreto e das establecidas polas entidades privadas para a utilización das identificacións de garantía propias.

c) Elaborar un Programa Nacional de Control no que se precisen os procedementos que complementarán o determinado no anexo III deste real decreto.

d) Coñece-lo grao de cumprimento do dito programa e as incidencias producidas nos controis efectuados, e as súas consecuencias.

e) Propor criterios uniformes para a corrección de infraccións.

f) Informar, se é o caso, a autoridade competente de infraccións coñecidas que non fosen sancionadas.

g) Informar sobre cantos asuntos sexan de interese en relación con este real decreto e, en especial, respecto de cantas medidas se considere que poidan mellora-la regulación, a práctica e a promoción da produción integrada.

2. A Comisión Nacional de Producción Integrada rexerese, en todo o non disposto neste real decreto e nas súas propias normas de funcionamento, polo capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15. *Rexistro Xeral de Producción Integrada.*

1. Créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, adscrito á Dirección Xeral de Agricultura, un Rexistro Xeral de Producción Integrada de carácter público e informativo, que recollerá os datos subministrados polas comunidades autónomas.

2. As comunidades autónomas deberán remitir anualmente á Dirección Xeral de Agricultura unha relación dos volumes comercializados coa identificación de garantía de produción integrada, dos operadores rexistrados no seu ámbito territorial, con indicación dos datos identificativos destes, así como das entidades de certificación que operan no seu territorio.

3. A información do Rexistro Xeral de Producción Integrada estará en todo momento á disposición de todas as comunidades autónomas e dos interesados.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicará á autoridade competente das comunidades autónomas anualmente, e á súa solicitude en calquera momento, os datos das inscricións que figuren no rexistro.

5. A autoridade competente que teña coñecemento de irregularidades comprobadas na actuación dos operadores ou das entidades de certificación, deberá informa-las restantes comunidades autónomas afectadas e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional primeira. *Comercialización da produción integrada doutros estados membros da Unión Europea e dos países AELC, partes contratantes no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo (EEE).*

Os produtos vexetais e os seus transformados legalmente producidos e elaborados noutros estados mem-

c
 bros da Unión Europea e dos países AELC, partes contratantes no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo (EEE), de acordo cunha normativa oficial específica de produción integrada, poderán comercializarse en España baixo a denominación «producción integrada».

Co fin de evitar confusión nos consumidores, esta denominación deberá completarse coa mención expresa da norma legal reguladora do país de orixe do produto, de maneira que lle permita ó comprador coñecer-la dita orixe e distingui-la doutros produtos.

Disposición adicional segunda. *Funcionamento da Comisión Nacional de Producción Integrada e do Rexistro Xeral de Producción Integrada.*

O funcionamento da Comisión Nacional de Producción Integrada e do Rexistro Xeral de Producción Integrada, será atendido cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e non suporá un incremento do gasto do departamento.

Disposición transitoria única. *Acreditación provisional de entidades de certificación.*

1. As autoridades competentes poderán recoñecer provisionalmente a entidades de certificación sen acreditación previa, durante o prazo máximo de dous anos, ou ata que sexan acreditadas se o prazo é menor, se se estima que responden ó establecido na norma EN 45.011.

2. Poderanse establecer prórrogas ó recoñecemento provisional, mencionado no punto anterior, cando, superado o prazo máximo establecido, a entidade de acreditación xustifique adecuadamente que non puido finaliza-lo proceso acreditativo.

3. As entidades de certificación recoñecidas polas comunidades autónomas na data de entrada en vigor deste real decreto disporán do prazo de dous anos para axustarse ó establecido nel.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

O disposto nos capítulos I, II e V, así como nos anexos, deste real decreto terá carácter de normativa básica ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ó Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para modifica-los anexos co fin de adaptalos ós novos coñecementos e avances técnicos e científicos ou para incorporar normativa comunitaria que ó respecto se estableza; así como, se é o caso, establece-las normas técnicas específicas que para cada cultivo ou grupos de cultivos se precisen.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,

MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Normas xerais de produción integrada

Estas normas xerais definen as prácticas agrícolas que, baixo a dirección do responsable ou servizo técnico competente, deben cumprilo operadores sen prexuízo da observancia doutras lexislacións, especialmente as relativas ó material de produción vexetal, fertilizantes, fitosanidade, xestión de residuos e envases, prevención de riscos laborais, sanidade e ambiente.

As normas técnicas específicas ou protocolos que poidan establecerse para cada cultivo ou grupo de cultivos co fin de complementar estas normas xerais ou para fixar intervalos, límites, sistemas ou prácticas non definidas nestas, responderán a recomendacións ou principios establecidos en normas internacionais cando existan e noutro caso á mellor técnica posible, compatible coa produción integrada, descritas na literatura técnica ou científica.

Así mesmo, os procedementos de toma de mostras e os métodos analíticos necesarios para efectuar as determinacións que se establecen nestas normas deberán se-los establecidos oficialmente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, no seu defecto, os aceptados internacionalmente e as mostras serán analizadas ou diagnosticadas en laboratorios especializados recoñecidos pola autoridade competente.

I. Aspectos agronómicos xerais

A) Obrigatorias

a) O momento e a intensidade das operacións culturais deben minimiza-los posibles impactos ambientais.

b) En cultivos anuais, sempre que sexa posible, deberá establecerse un programa de rotación de cultivos de, polo menos, tres follas. Deberá xustificarse a non aplicación do programa.

c) En cultivos perennes, o sistema de cultivo, incluíndo o sistema de formación, debe respecta-lo estado fisiolóxico óptimo das plantas.

d) Nos cultivos sen solo deberá disporse de instalacións que permitan a recirculación dos lixiviados, salvo autorización que inclúa prazos determinados para a súa plena disposición e sempre que sexa agronomicamente aconsellable.

e) Os substratos inertes deberán ser adecuadamente reciclados, sempre que sexa agronomicamente aconsellable.

f) A retirada para a súa reciclaxe ou vertedura controlada de plásticos de acolchado ou de cubertas de plástico.

B) Prohibidas

a) O abandono de restos plásticos, envases e outros residuos no interior ou nos lindeiros da parcela.

b) A queima de restos vexetais, salvo cando sexa expresamente recomendada pola autoridade competente.

II. Solo, preparación do terreo e labra

A) Obrigatorias

a) Manter e mellora-la fertilidade do solo mediante:

1.º A definición do nivel óptimo de humus de acordo coas características da localidade e o seu mantemento mediante as medidas adecuadas.

2.º O mantemento da biodiversidade do agrosistema.

3.º A optimización das propiedades biofísicas do solo para evita-la compactación (p. e. tamaño dos agre-

gados e estabilidade estrutural, conductividade hidráulica, etc.).

4.º O mantemento da protección do solo durante o maior tempo posible mediante unha cuberta vexetal cultivada ou non.

5.º A mínima perturbación física ou química do solo.

b) Elimina-las malas herbas e restos vexetais de cultivos anteriores na forma adecuada e coa suficiente antelación con respecto ó cultivo seguinte, podendo quedar os seus restos sobre o solo cando non representen un risco de transmisión de pragas ou enfermidades dos vexetais, ou na agricultura de conservación.

c) Os labores realizaranse respectando ó máximo a estrutura do solo e, a ser posible, sen lle da-la volta á terra. Evitaranse as escorrentías e os encharcamentos. Así mesmo, terase en conta a pendente do terreo para a adecuada conservación do solo adaptando as dimensións e características das obras de conservación (terrazas, bancais, lombas) co fin de evitar fenómenos de erosión.

B) *Prohibidas*

a) Desinfección do solo mediante tratamentos químicos, salvo casos tecnicamente xustificados e autorizados polo organismo oficial correspondente. As autorizacións poderán establecerse tamén para unha determinada zona ou rexión.

b) A utilización sistemática de apeiros que destrúan a estrutura do solo e propicien a formación de solo de labor.

III. Sementeira/Plantación

A) *Obrigatorias*

a) Empregar material vexetal procedente de produtores oficialmente autorizados e, se é o caso, certificados e co correspondente pasaporte fitosanitario.

b) Utilizar sementes debidamente desinfectadas cando esta práctica poida evitar enfermidades posteriores.

c) Empregar, se existen, cultivos resistentes ou tolerantes a algunha das enfermidades importantes da especie e adaptados ás condicións locais.

d) En cultivos de horticolas, a sementeira ou transplante efectuarase, como mínimo, unha semana despois de arrinca-lo cultivo precedente e realiza-los labores de preparación do terreo.

e) Eliminar previamente todo o material vexetal que presente síntomas de enfermidade ou un desenvolvemento anormal.

f) En plantacións de cultivos leñosos, os patróns adaptaranse ás condicións edáficas e non serán sensibles ás fisiopatías habituais.

g) En parcelas establecidas de cultivos leñosos, para incorporarse ó programa de produción integrada, debe-rase controlar previamente a incidencia de virose ou problemas fúxicos.

h) O material de plantación, a densidade de plantación, o momento e a dose de sementeira, rotacións, marco de plantación e posibilidade de asociación con outros cultivos, adaptaranse ás condicións locais.

B) *Prohibidas*

a) Cando se trate de cultivos baixo abrigo, a asociación de cultivos no mesmo invernadoiro, salvo que esta asociación presente efectos agronomicamente favorables.

b) O uso de patróns, combinacións enxerto-patrón ou variedades especialmente sensibles a determinadas enfermidades de especial incidencia ou relevancia.

c) A asociación de especies diferentes de cultivos leñosos, cando sexan incompatibles cos requisitos da produción integrada.

IV. Fertilización e emendas

A) *Obrigatorias*

a) A subministración de nutrientes efectuarase fundamentalmente a través do solo.

b) Para os macronutrientes realizarase e aplicarase un programa de fertilización para cada cultivo e unidade de cultivo e un programa xeral de fertilización para toda a rotación potenciando a achega de fertilizantes naturais e reducindo os químicos de síntese.

Na programación terá que terse en conta que os fertilizantes provenientes do exterior (augas, materia orgánica, fertilización directa) deben compensa-las extraccións das colleitas e as perdas técnicas. A base para estima-las necesidades de macronutrientes, excepto o nitróxeno, será a análise fisicoquímica do solo, que se realizará ó integrarse a parcela ó sistema de produción integrada e, polo menos, un cada cinco anos. O programa determinará as épocas e forma de aplicación adecuada para minimiza-las perdas por lixiviación, erosión, etc.

c) Cando se achegue materia orgánica ou outras materias con valor fertilizante, a achega deberá conte-la mínima cantidade de metais pesados, patóxenos ou outros produtos tóxicos que sexa tecnicamente posible, sen excede-los límites legais establecidos. Será obrigatorio polo menos mante-lo nivel de materia orgánica do solo.

d) Respecto ó nitróxeno, deberá definirse para cada cultivo e en función do tipo de solo (textura e contido en materia orgánica) a máxima cantidade de nitróxeno aplicado, e de forma orientativa o momento de cada aplicación, dose e fórmula do fertilizante.

e) Os oligoelementos só se aplicarán cando unha análise previa determine a súa insuficiencia.

f) Deberán realizarse as emendas necesarias sempre que o pH do solo se aparte substancialmente do valor aceptado como óptimo para o cultivo, ou cando as características físicas ou químicas do solo así o aconsellen. Os xurros e demais residuos semilíquidos de explotacións gandeiras achegados ó solo deberán ser previamente tratados por algún ou varios dos sistemas coñecidos.

g) Realizarase un seguimento analítico do cultivo (follas, froitos, etc.) para comprobar que o programa de fertilización adoptado é o adecuado ou, noutro caso, para a súa corrección.

B) *Prohibidas*

a) Supera-la cantidade máxima tolerable por hectárea e ano de nitróxeno total, así como os límites que se fixen de metais pesados, de patóxenos e doutros produtos tóxicos.

b) Realizar aplicacións de nitróxeno nítrico nas marxes das parcelas lindantes con correntes de auga.

V. Poda

A) *Obrigatorias*

a) A poda levarase a cabo cun trazado técnico, tendo en conta os principios fundamentais que rexen esta práctica, para maximiza-la súa eficacia e rendibilidade.

c

b) O sistema de poda de cultivos leñosos deberá respecta-lo estado fisiolóxico óptimo da planta, permitir unha boa aireación e penetración da luz e dos tratamentos, e manter unha adecuada relación folla/madeira.

c) O exceso de vigor corríxirase mediante prácticas culturais, ademais da poda.

d) A poda en verde realizarase con instrumentos cortantes (tesoiras, coitelos, etc.).

e) Na realización da poda deberán desinfectar-se os instrumentos de corte cando se cambie de parcela ou variedade.

B) *Prohibidas*

a) Queima incontrolada de restos de poda.

b) Abandono dos restos de poda na parcela, salvo que se esnaquicen ou trituren estes, desaconsellándose a súa incorporación ó terreo mediante labores.

VI. Rega

A) *Obrigatorias*

a) Dispor das características analíticas da calidade da auga de rega (química e bacteriolóxica), co obxecto de tomar decisión sobre a súa utilización.

b) Toma-las medidas necesarias para evita-las perdas de auga.

c) Estableceranse os volumes anuais necesarios mediante o cálculo das necesidades do cultivo, baseándose en datos locais da evapotranspiración calculada mediante os datos da estación meteorolóxica máis próxima.

d) Os volumes máximos de cada rega establece-ranse en función da profundidade radicular, do estado hídrico e das características físicas do solo. A partir de valores da conductividade intolerables que se establezan para cada cultivo, empregarase unha fracción de lavado complementaria ás doses normais de rega.

e) Para a programación das regas seguiranse métodos tecnicamente aceptados.

f) O sistema de rega deberá deseñarse para cada parcela.

g) Deberán utilizarse técnicas de rega que garantan a maior eficiencia no uso da auga e a optimización dos recursos hídricos, e para isto terase en conta:

1.º Na rega por gravidade ou inundación, a lonxitude dos sucos ou dos tallóns e a súa pendente máxima estableceranse en función do volume de rega necesaria e das condicións hidráulicas e de permeabilidade do terreo.

2.º Na rega a presión, o valor do coeficiente de uniformidade (CU) estará comprendido entre os valores establecidos en función da separación entre emisores e a pendente do terreo.

h) Deberá rexistrarse a auga de rega aplicada. No caso de que este rexistro non fose posible, efectuarase unha estimación daquela.

B) *Prohibidas*

a) Utilización de augas residuais sen a previa depuración.

b) Utilización de augas caracterizadas por parámetros de calidade intolerables para o cultivo, para o solo ou para a saúde pública.

VII. Control integrado

A) *Obrigatorias*

a) No control de pragas e enfermidades, antepo-ranse os métodos biolóxicos, biotecnolóxicos, culturais, físicos e xenéticos ós métodos químicos.

b) A estimación do risco en cada parcela farase mediante avaliacións dos niveis poboacionais, estado de desenvolvemento das pragas e fauna útil, fenoloxía do cultivo e condicións climáticas. No caso de cultivos de carácter extensivo, poderase establecer que a estimación de risco se realice en unidades territoriais homoxéneas maiores á de parcela.

c) A aplicación de medidas directas de control de pragas só se efectuará cando os niveis poboacionais ou as condicións ambientais superen os limiares de intervención e, no caso de enfermidades, cando a estimación do risco o indique.

d) No caso de resultar necesaria unha intervención química, as materias activas que se utilizarán serán seleccionadas de acordo cos criterios de menor perigo para humanos, gando e ambiental e que proporcione un control efectivo da praga, o patóxeno ou a mala herba. En todo caso, só poderán utilizarse produtos fitosanitarios inscritos no Rexistro de Productos e Material Fitosanitario e aprobados expresamente para o cultivo en que se apliquen.

e) A presenza de residuos deberá minimizarse mediante a máxima ampliación posible dos prazos de seguridade.

f) Deberá protexerse a fauna auxiliar en xeral e en particular, polo menos, dúas especies das que se considere prioritario para cada cultivo a protección e o aumento das súas poboacións.

g) As malas herbas controlaranse, sempre que sexa posible, con medios mecánicos, biolóxicos ou aqueles que ofrezan o menor risco de emisións de CO₂. En caso de que sexa necesaria a aplicación de herbicidas, efectuarase mediante as técnicas recomendadas na etiqueta do produto. Empregaranse materias activas autorizadas seleccionadas cos mesmos criterios citados para os produtos fitosanitarios.

h) No caso de aplicacións químicas, o aplicador deberá estar cualificado especificamente.

i) A maquinaria utilizada na aplicación de produtos fitosanitarios, herbicidas, fertilizantes foliares, etc., deberá encontrarse no adecuado estado de funcionamento.

j) A maquinaria utilizada nos tratamentos fitosanitarios someterase a revisión e calibrado periódico. A revisión efectuarase de conformidade coas disposicións vixentes na materia, polo menos unha vez cada catro anos nun centro oficial ou recoñecido e tódolos anos polo produtor.

k) Os volumes máximos de caldo e caudal de aire nos tratamentos fitosanitarios axustaranse ós parámetros precisos, tendo en conta o estado fenolóxico do cultivo para obte-la máxima eficacia coa menor dose.

l) Ademais das normas aquí establecidas, en todo caso deberán terse en conta para tódolos cultivos os «Principios de boas prácticas fitosanitarias» establecidas pola Organización Europea e Mediterránea para a Protección das Plantas (OEPP) e as directivas da dita organización sobre a boa práctica fitosanitaria específicas para cada cultivo cando tales directivas existan.

B) *Prohibidas*

a) Utilización de calendarios de tratamentos.

b) Abandona-lo control fitosanitario antes da finalización do ciclo vexetativo do cultivo.

c) En hortícolas, utilización de herbicidas dentro do invernadoiro unha vez implantado o cultivo.

d) Utilización de herbicidas residuais en solos areos.

e) O emprego de produtos fitosanitarios non selectivos, de longa persistencia, alta volatilidade, lixiviables ou con outras características negativas.

f) O emprego de produtos fitosanitarios nas marxes de correntes de auga.

g) As aplicacións de produtos fitosanitarios en condicións meteoroloxicamente desfavorables.

VIII. Recolleita**A) Obrigatorias**

a) A recolleita realizarase nas datas e condicións adecuadas para evitar lesións nos produtos vexetais que reduzan a súa calidade e propicien infeccións de patóxenos causantes de podremias.

b) Elimínanse os produtos vexetais que presenten síntomas con presenza de patóxenos causantes de podremias.

c) Os produtos vexetais deberán recolectarse nun estado de madurez que permita alcanzar as esixencias de calidade comercial.

d) Os produtos recolectados, ata que non se envíen ó almacén manipulador, colocaranse baixo teito ou en condicións que eviten a incidencia directa dos axentes atmosféricos e nun lugar con máxima ventilación.

e) Tomaranse mostras no período de recolleita e/ou elaboración, para analizar a posible presenza de residuos de produtos fitosanitarios e garantir que se utilizaron exclusivamente as materias activas seleccionadas na estratexia de protección integrada, e que se cumpre co establecido na lexislación española en relación cos límites máximos de residuos de produtos fitosanitarios.

f) Para producións dirixidas a outros mercados distintos do nacional, deberá verificarse que cumpren a lexislación establecida no lugar de destino, respecto ó contido de residuos.

B) Prohibidas

a) Efectúase a recolleita cando os produtos vexetais estean mollados, salvo autorización expresa da autoridade competente fundamentada en condicións meteorolóxicas adversas.

b) Abandonalo rebusco na parcela se a súa presenza representa un risco para a propagación de pragas ou enfermidades dos vexetais.

IX. Tratamentos despois da recolleita**A) Obrigatorias**

a) Só se permitirán en colleitas destinadas a conservación prolongada ou nas que estea tecnicamente xustificadas. Preferiranse os métodos físicos ou con produtos naturais, ós produtos de síntese.

b) No tratamento con produtos químicos de síntese utilizaranse, de entre os autorizados, aqueles con perfil toxicolóxico máis favorable e dos que os límites máximos de residuos estean harmonizados a nivel comunitario.

B) Prohibidas

A utilización para o lavado de augas non potables.

X. Conservación**A) Obrigatorias**

a) Métodos de conservación que manteñan unha alta calidade interna e externa.

b) A calidade debe controlarse periodicamente e, especificamente, antes da comercialización, tendo en conta aspectos de mostraxe, tipo de determinación e límites de residuos que garantan a seguridade do consumidor.

c) Os rexistros de cada cámara deben conservarse.

XI. Almacenamento**A) Obrigatorias**

a) O almacenamento debe realizarse con procedementos que permitan garantir a mellor calidade posible dos produtos.

b) A limpeza, desinfección e loita contra os parasitos dos lugares de almacenamento de forma que non se produza ningún tipo de contaminación dos produtos.

c) Nos almacéns deben separarse claramente os produtos procedentes de cultivo de produción integrada do resto de produtos convencionais.

B) Prohibidas

Utilización de produtos químicos de síntese para loita de pragas e parasitos de almacén, salvo casos que estean xustificadas tecnicamente e autorizadas pola autoridade competente.

XII. Envasado**A) Obrigatorias**

a) Tódalas máquinas, recipientes, elementos de transportes, envases provisionais e lugares de almacenamento deberán reunir as condicións seguintes:

1.^a Non transmitir ós produtos con que entren en contacto substancias tóxicas ou que poidan contaminar, nin orixinar reaccións químicas prexudiciais.

2.^a Non altera as características de composición e os caracteres organolépticos dos produtos.

3.^a A limpeza realizarase con métodos e produtos autorizados, o mesmo que o control de roedores e de insectos.

b) As operacións de envasado deben efectuarse por series completas, separadas fisicamente ou no tempo de operacións de produtos convencionais.

c) Aqueles operadores que realicen envasado de produtos de produción integrada e convencionais deberán avisalo órgano ou entidade de control con antelación ó inicio das operacións dos produtos de produción integrada.

ANEXO II**Normas xerais de produción integrada para industrias de transformación**

Estas normas xerais definen as prácticas de manipulación, transformación e envasado que, baixo a dirección de técnico competente debidamente formado, deben cumprilos operadores nas súas instalacións e procesos de transformación de produtos vexetais e que deben ser consideradas nas normas técnicas específicas de cada produto transformado.

Os protocolos que poidan establecerse para cada produto elaborado co fin de complementar estas normas xerais ou o seu regulamento específico para fixar intervalos, límites, sistemas ou prácticas non definidas nestas, responderán a recomendacións ou principios establecidos en normas internacionais cando existan e, noutro caso, á mellor técnica posible, compatible coa produción integrada, descritas na literatura técnica ou científica.

Así mesmo, os procedementos de toma de mostras e os métodos analíticos necesarios para efectuar as determinacións que se establecen nestas normas debe-

c
rán se-los aprobados oficialmente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, no seu defecto, os aceptados internacionalmente e as mostras serán analizadas ou diagnosticadas en laboratorios especializados recoñecidos pola autoridade competente.

I. PROCESO DE TRANSPORTE DE PRODUCTOS VEGETAIS, MANIPULACIÓN, MOENDA E ENVASADO

Obrigatorias

Aplicación de métodos que permitan manter intacta a integridade de produto vexetal e aseguren a súa respiración, se esta favorece a conservación das características organolépticas.

1. Transporte do produto vexetal e contedores

Obrigatorias

a) Os receptáculos e contedores dos vehículos utilizados para transportalos produtos vexetais deberán encontrarse limpos e en condicións adecuadas de mantemento, co fin de protexer da contaminación, e de forma que permitan a limpeza ou desinfección adecuadas.

b) Cando se utilizasen receptáculos de vehículos ou contedores para o transporte doutra carga distinta que os produtos vexetais ou para o transporte de produtos alimenticios distintos, deberá procederse a unha limpeza eficaz entre as cargas para evita-lo risco de contaminación.

2. Recepción do produto vexetal e instalacións

Obrigatorias

a) Declaración de responsabilidade do agricultor de identificación dos froitos procedentes de parcelas acollidas a produción integrada.

b) Rexistro das partidas que entren, no que figure: produto, cantidade, unidade de cultivo con tratamento homoxéneo de orixe.

c) Os vehículos que cheguen ás instalacións deberán estar en adecuadas condicións de hixiene e cargados exclusivamente con produtos vexetais.

d) Inspección visual das partidas de produtos vexetais na recepción, establecendo un sistema de verificación da calidade dos produtos entrantes. Existirá un rexistro de incidencias en caso de incumprimento. As partidas que non cumpran os requisitos anteriores deben deixarse de considerarse como de produción integrada.

e) Toma de mostra do produto sistematizada para a realización de determinacións analíticas de calidade.

f) Non se deben almacenar produtos químicos nin refugallo na zona de recepción dos produtos vexetais.

g) Separación real, definida e sinalizada dos produtos vexetais recepcionados procedentes da produción integrada.

h) Pulcritude permanente nas zonas de recepción.

i) Utilización de cintas transportadoras provistas de bandas de calidade alimentaria.

j) As técnicas de acondicionamento tenderán ó mantemento da calidade e características organolépticas do produto vexetal, así como ó respecto ambiental.

k) As zonas de manobra dos vehículos estarán pavimentadas, terán suficiente amplitude para a carga e descarga e con evacuación das augas pluviais.

l) Os peiraos de descarga serán independentes e sinalizados para os produtos de produción integrada e con plataformas para adapta-la súa altura á caixa dos vehículos.

3. Acondicionamento do produto vexetal, pesado, toma de mostras e control de calidade

Obrigatorias

a) As técnicas e instalacións de almacenamento tenderán ó mantemento da calidade e características organolépticas do produto vexetal.

b) Os recipientes de evacuación dos residuos serán exclusivos para este fin e limparanse periodicamente, debéndose establecer un plan de limpeza para iso.

c) As técnicas e instalacións de transformación e elaboración de produtos tenderán ó mantemento da calidade e características organolépticas do produto vexetal.

d) As partidas que se reciben terán un control de calidade, manténdose a rastrexabilidade mediante rexistros e procedementos de toma de mostras representativas e que inclúan as actuacións que hai que tomar nas diferentes condicións do produto específico, indicándose as determinacións analíticas mínimas que hai que realizar e os seus índices de aceptación.

4. Almacenamento do produto vexetal e instalacións

Obrigatorias

a) As técnicas de almacenamento, envasado e transporte de produtos vexetais tenderán ó mantemento da calidade e características organolépticas do produto específico.

b) A evacuación dos residuos será realizada en recipientes exclusivos para este fin, que se limparán periodicamente, debéndose establecer un plan de limpeza para iso.

5. Proceso de transformación e elaboración do produto vexetal

Obrigatorias

a) As técnicas e instalacións de transformación e elaboración de produtos tenderán ó mantemento da calidade e características organolépticas do produto vexetal.

b) Tódolos produtos vexetais que se utilicen na elaboración do produto transformado deberán ter cumprido as condicións deste real decreto.

c) Os tratamentos que se realicen e os coadxuvantes que se empreguen, deberán estar autorizados e incluídos nas normas técnicas específicas correspondentes.

6. Almacenamento, envasado e transporte de produtos elaborados

Obrigatorias

a) As técnicas de almacenamento, envasado e transporte de produtos elaborados tenderán ó mantemento da calidade e características organolépticas do produto.

b) O uso de tratamentos de conservación debe adecuarse á situación e destino do produto, principalmente para produtos nos que se efectúe unha conservación prolongada.

c) Os tratamentos de conservación deben estar autorizados. Utilizaranse métodos que teñan a menor toxicidade posible e preferentemente métodos físicos ou con produtos naturais, antes ca de síntese.

II. IDENTIFICACIÓN E RASTREXABILIDADE DA PROCE- DENCIA DOS PRODUCTOS VEXETAIS E PRODUCTOS SECUNDARIOS OU ELABORADOS

A) *Obrigatorias*

a) En cada centro de recepción e/ou manipulación debe existir un albará de control de entrada, no que figure o produto, cantidade, parcela de orixe, unidade de cultivo con tratamento homoxéneo e data de entrada, asinado pola persoa que realiza a entrega.

b) As empresas ou centros de transformación que non teñan a totalidade da produción do cultivo baixo control, terán ademais que cumprilos seguintes requisitos:

1.º Debe existir un sistema documentado e implantado de identificación e rastrexabilidade dos produtos para garantir a separación, desde a explotación ata a entrega do produto elaborado ó cliente.

2.º Deberá quedar claramente definido o intervalo de tempo durante o cal se manipula cada tipo de produto, que debe ser coñecido por todo o persoal implicado no proceso.

3.º As liñas de manipulación deberán ser limpadas completamente de produto de orixe non controlado antes de proceder á manipulación de produto amparado por esta norma.

c) Os produtos amparados por esta norma serán identificados e tratados en todo momento do proceso técnico, administrativo e de comercialización como un produto distinto do resto dos produtos manipulados pola empresa.

B) *Prohibidas*

Non poderán comercializarse como produtos amparados por esta norma os procedentes de unidades de cultivo que non cumpran co indicado neste real decreto en toda a súa produción.

III. INSTALACIÓNS XERAIS

1. Características dos materiais

A) *Obrigatorias*

a) Tódolos materiais que se usen nas instalacións deben ser aptos para uso alimentario, adaptándose ás distintas especificacións e necesidades segundo o Código alimentario español e normativa vixente.

b) Os materiais poliméricos autorizados serán inocuos e non deberán transmitir ós produtos elaborados ou transformados propiedades nocivas nin cambiar as súas características organolépticas.

B) *Prohibidas*

Tódolos especificados no Código alimentario español (artigo 2.04.03) e normativa vixente, como o ferro cromado nas instalacións para auga potable, o chumbo e as soldaduras con aliaxes de estaño-chumbo.

2. Características constructivas, de deseño e mantemento

A) *Obrigatorias*

a) Tódalas superficies en contacto directo cos produtos deben ser facilmente accesibles ou desmontables para a comprobación do seu estado de limpeza.

b) As instalacións estarán en bo estado de conservación mediante un adecuado mantemento.

c) A zona de extracción, envasado e de manipulación debe estar perfectamente limpa e construída de tal forma que permita unha hixiene adecuada (paredes alicatadas, desaugadoiros, etc.).

d) Evitaranse ocos e ventás ou instalaranse elementos que impidan a entrada de insectos.

e) Tódalas instalacións deben ter ventilación adecuada, natural ou mecánica.

f) Os locais por onde circulen os produtos deben estar suficientemente iluminados por medios naturais ou artificiais.

g) Os tubos fluorescentes ou lámpadas protexeranse con medios adecuados para evitar a posible caída de cristais en caso de rotura e a súa fixación ó teito ou ás paredes será de forma que facilite a súa limpeza e se evite a acumulación de po.

h) Os sistemas de desaugamento serán os adecuados.

i) En caso de existir sumidoiros, disporase dos medios que permitan a evacuación das augas de baldeo ou limpeza. Estes sumidoiros estarán provistos dos dispositivos adecuados que eviten o retroceso.

j) Deberán existir zonas diferentes para o almacenamento de produtos e de envases baleiros.

k) As zonas de almacenamento manteranse ordenadas e limpas.

l) Evitarase o almacenamento de materiais de refugallo na zona de manipulado.

m) Os produtos químicos deben estar almacenados nun lugar que se poida cerrar e debidamente sinalizado. O acceso ó lugar de almacenamento de produtos químicos así como a súa manipulación, só poderán ser realizados polo persoal designado pola empresa.

n) Os produtos químicos almacenados estarán correctamente etiquetados e con autorización para o seu uso na industria alimentaria.

ñ) A empresa disporá dunha subministración de auga potable clorada (ou calquera outro sistema de potabilización e desinfección autorizado pola Administración sanitaria competente) utilizada para o contacto directo cos produtos (lavado, tratamento, refrixeración, ou a humidificación do produto) ou con calquera superficie en contacto con estes.

o) Os depósitos intermedios de auga deben limparse e desinfectarse periodicamente.

B) *Prohibidas*

A utilización de equipamentos con gretas, picaduras ou zonas mortas nas que se acumulen substancias ou produtos elaborados ás que non cheguen as solucións de limpeza. Así mesmo, non se utilizarán parafusos ou filetaxes nas zonas en contacto co produto elaborado.

IV. EQUIPOS

Obrigatorias

a) As empresas ou centros de transformación deben establecer e levar a cabo o mantemento dos equipos para asegurarse do seu correcto funcionamento e tomar as medidas necesarias para evitar o contacto dos produtos con substancias químicas ou obxectos estranhos (protectores, bandexas, etc.).

b) A disposición dos equipos debe permitilo seu mantemento e limpeza adecuados, en liña cunhas boas prácticas de hixiene.

c) As superficies de traballo manteranse en bo estado e renovaranse cando sexa necesario.

d) As carretillas de gasóleo usaranse exclusivamente fóra do almacén

e) Débense utilizar máquinas e ferramentas en bo estado, que sexan seguras e cos medios de protección adecuados (resgardos, dispositivos de seguridade, etc.). Ademais deben estar almacenadas nun lugar adecuado.

ANEXO III

Requisitos mínimos de control para os operadores

1. A produción deberá levarse a cabo en unidades de cultivo que estean claramente separadas de calquera outra unidade de cultivo na cal non se produza de acordo coas normas desta disposición. Durante os procesos de manipulación, envasado e etiquetaxe, os produtos deberán estar claramente separados dos obtidos por outros sistemas de produción.

2. O se inicia-la aplicación do réxime de control, o operador deberá:

a) Facer unha descrición completa da unidade de cultivo, das parcelas de produción e, se é o caso, as instalacións onde se efectúen determinadas operacións de manipulación, envasado e etiquetaxe.

b) Determinar tódalas medidas concretas que debe adoptar na súa unidade de cultivo e instalacións para garanti-lo cumprimento das disposicións desta disposición.

c) Documenta-la data en que por última vez se aplicasen nas parcelas de produción produtos dos que a utilización sexa incompatible co disposto nos protocolos ou nas normas técnicas específicas.

d) Asumi-lo compromiso do operador de realiza-las súas actividades de acordo co disposto nos protocolos ou nas normas técnicas específicas e de aceptar, en caso de infracción, a aplicación das medidas correctoras correspondentes.

O órgano ou entidade de control deberá comprobar na súa primeira inspección que o operador realizou todo o indicado neste punto.

3. Con anterioridade á data fixada pola autoridade competente, o operador deberá notificar anualmente ó órgano ou entidade de control correspondente o seu programa de actuación, detallándoo por parcela, se é o caso.

4. O operador deberá levar un rexistro mediante anotacións e documentos que permita ó órgano ou entidade de control localiza-la orixe, a natureza e as cantidades de tódalas materias primas adquiridas, así como coñece-la utilización que se fixo delas; deberá levarse, ademais, un rexistro da natureza, as cantidades e os destinatarios de tódolos produtos agrarios vendidos. As cantidades globalizaranse por día cando se trate de vendas directas ó consumidor final.

5. Nas visitas de inspección comprobarase que as materias primas e medios de produción almacenados polos operadores se corresponden cos permitidos en protocolos ou nas normas técnicas específicas.

6. Ademais das visitas de inspección sen previo aviso, o órgano ou entidade de control deberá efectuar, como mínimo unha vez ó ano, un control físico da unidade. De conformidade con esta disposición poderán tomarse mostras con vistas á busca de produtos non autorizados. En calquera caso, estas mostras deberán tomarse cando exista presunción de que se utilizase un produto non autorizado. Despois de cada visita deberá levantarse unha acta de inspección, que tamén será asinada, se é o caso, polo responsable técnico da explotación ou instalación controlada.

7. O operador deberá permitir ó órgano ou entidade de control o acceso ós locais de almacenamento e produción, para a inspección, e ás parcelas, así como ós rexistros e ós correspondentes xustificantes e facilitaralle á dita entidade toda a información necesaria para a inspección.

8. Os produtos vexetais só poderán transportarse a outras unidades do proceso, tanto maioristas como retalistas, en envases ou recipientes diferenciados que teñan un pechamento que impida a substitución do seu contido e que vaian provistos dunha etiqueta na que se mencionen, sen prexuízo de calquera outra indicación esixida legalmente:

a) O nome e o enderezo da persoa responsable da produción do produto ou, en caso de mencionarse outro vendedor, unha indicación que permita á unidade receptora e ó órgano ou entidade de control desta, determinar de forma inequívoca quen é a persoa responsable da produción.

b) O nome do produto e unha referencia ó sistema de produción.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

23341 *REAL DECRETO 1203/2002, do 20 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 825/1990, do 22 de xuño, sobre o dereito de representación, consulta e participación dos consumidores e usuarios a través das súas asociacións.* («BOE» 287, do 30-11-2002.)

A nosa Constitución recolle no seu artigo 51 os dereitos dos consumidores e usuarios, e establece que os poderes públicos deberán oír-las súas organizacións nas cuestións que lles poidan afectar. A Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, desenvolve este dereito no seu artigo 22, precisando no seu punto 5 que o Goberno determinará a composición e funcións dun consello, como órgano de representación e consulta a nivel nacional, integrado por representantes de asociacións de consumidores.

En cumprimento deste mandato, o Real decreto 825/1990, do 22 de xuño, sobre dereito de representación, consulta e participación dos consumidores e usuarios a través das súas asociacións, configura o Consello de Consumidores e Usuarios (CCU), no capítulo II, posteriormente modificado polo Real decreto 2211/1995, do 28 de decembro.

Este dereito dos consumidores a seren oídos no proceso de decisións públicas que lles poidan afectar enmárcase hoxe nun contexto de gran relevancia política, ó constituír un medio excelente para promove-la participación cidadá e así reforza-la democracia mediante canles deliberantes. Neste sentido, o vixente Plan estratéxico de protección ó consumidor para o período 2002/2005, adoptado pola Conferencia Sectorial de Consumo, destaca o papel das organizacións de consumidores como interlocutores sociais especialmente cualificados. Así mesmo, a recente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, salienta a importancia que teñen as asociacións para a conservación da democracia, permitíndolles ós individuos facerse oír, exercer influencia e provocar cambios.

A dinámica observada polo Consello de Consumidores e Usuarios nestes anos propiciou unha nova con-